

UGT CHAMA Á CIDADANÍA GALEGA A MOBILIZARSE ESTE PRIMEIRO DE MAIO PARA “PROTEXER O CONQUISTADO, GAÑAR FUTURO”

Redacción.- UGT-Galicia chama á cidadanía galega a participar nos actos e mobilizacións convocados para este Primeiro de Maio en Galicia para “Protexer o conquistado, gañar futuro”.

Como explicou o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, na rolda de prensa conxunta co S.N. de CCOO de Galicia, o Primeiro de Maio deste ano volve, de novo, a celebrarse nun contexto complexo marcado, neste caso, ademais de pola continuación dos conflitos bélicos como son os de Ucraína ou a Franxa de Gaza, polas decisións do presidente dos Estados Unidos que están a poñer en risco a orde establecida. Neste contexto global de profundas transformacións, reivindicamos o sindicalismo como ferramenta esencial para construír sociedades máis xustas e democráticas.

Por iso, engadiu, cremos que este Primeiro de Maio debe converterse, ademais de como todos os anos, nun acto de demanda da mellora das condicións sociais e laborais, nun acto de homenaxe a quenes son perseguidos e asasinados por defender os dereitos sociais e laborais, un acto de homenaxe e solidariedade cos pobos que sofren represión, ocupación e guerra. Así, condenamos a persistencia do conflito bélico en Ucraína tras a invasión de Rusia e esiximos o fin da ocupación en Palestina, da limpeza étnica da súa poboación, o fin do xenocidio en Gaza e os ataques indiscriminados en Cisjordania.

Por outra banda, no relativo á guerra comercial impulsada pola nova administración Trump, coa imposición de aranceis que ameazan gravemente ao comercio mundial, require dunha resposta firme e coordinada da Unión Europea. Fronte ás políticas das extremas dereitas, que promoven o dismantelamento do Estado de benestar, a deterioración dos servizos públicos, o odio á diversidade, a oposición a políticas de igualdade, a súa defensa do racismo e a xenofobia ou o negacionismo da crise climática, súmase unha aberta hostilidade ao proxecto europeo. Para facer fronte a iso, é preciso reforzar a cooperación dos estados membro para seguir avanzando nunha Europa forte e unida.

Porque UGT ten claro que Trump non só quere situar políticas arancelarias, senón que o que quere é cuestionar o noso sistema de protección, o sistema de saúde da UE, a educación...en definitiva, pretende cuestionar o sistema de dereitos e liberdades construído durante décadas.

Por outra banda, xa no contexto máis próximo, UGT segue apostando por máis e máis diálogo social porque aínda son moitas as eivas que hai que solucionar. É o momento de dar un novo impulso á calidade do emprego e á distribución xusta da riqueza que xera a nosa economía. Os salarios creceron pero lonxe dos beneficios do capital. Polo que este 1M debe ser un punto de partida para abordar a negociación co-



Actos e mobilizacións do Primeiro de Maio en Galicia

A CORUÑA	Ofrenda floral conxunta con CCOO no Cemiterio civil.	10:00h
	Ofrenda floral na Praza de Pablo Iglesias.	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende a Praza da Palloza ata a Praza de Ourense.	12:00h
FERROL	Ofrenda floral conxunta con PSdG – PSOE (Monolito Pablo Iglesias)	11:00h
	Manifestación conxunta con CCOO dende Praza do Inferniño ata Praza de Armas	12:00h
SANTIAGO	Ofrenda floral (Parque Pablo Iglesias)	10:30h
	Manifestación conxunta con CC.OO dende Alameda ata Praza de Praterías.	12:00h
LUGO	Manifestación con saída da Casa Sindical ata a Praza de Armañá (diante da Subdelegación do Goberno)	12:30h
OURENSE	Ofrenda floral conxunta co PSdG – PSOE no Busto de Pablo Iglesias.	10:00h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída do Pavillón dos Remedios	12:00h
PONTEVEDRA	Manifestación con saída da Praza da Ferrería	13:00h
AROUSA	Manifestación conxunta con CCOO con saída da Praza de Ravella	12:00h
VIGO	Ofrenda floral a Heraclio Botana conxunta co PSdG – PSOE no Cemiterio de Pereiró	10:00h
	Manifestación conxunta con CCOO con saída do Cruce Vía Norte con Urzaiz	11:30h

lectiva en mellores condicións para poder gañar poder adquisitivo. Os convenios colectivos son un instrumento perfecto para mellorar a riqueza. E todas as estatísticas apuntan a que si se poden subir os salarios.

Por outra banda, a evolución dos principais indicadores económicos, o aumento sostido da produtividade nas últimas décadas, o cambio estrutural nos sistemas de produción e, sobre todo, o incremento continuado das marxes empresariais, constatan que temos agora a oportunidade e a responsabilidade de dar un paso decisivo: reducir a xornada laboral a 37,5 horas semanais sen diminución salarial. Un camiño que debe ir cara as 32 horas, como obxectivo final.

Non falamos só dunha aspiración sindical, falamos dunha necesidade social e de xustiza económica. É imprescindible que esta medida se adopte por lei, para que ninguén quede atrás e todas as persoas traballadoras, independentemente do seu sector ou empresa, poidan beneficiarse dunha transformación longamente reclamada. A redución da xornada laboral contribuirá, ademais, a repartir mellor o tempo e a riqueza, favorecendo a conciliación, a saúde laboral e a creación de emprego de calidade.

Outra materia pendente é a reforma normativa do despedimento para que as indemnizacións recuperen a súa función disuasoria e reparadora, tal e como esixe a Carta Social Europea, e para reinstaurar os salarios de tramitación, eliminados na reforma laboral de 2012. Esta reforma debe garantir tamén que nin os mozos nin as mulleres volvan ser discriminados con indemnizacións menores, consecuencia da precariedade estrutural que sofren no mercado de traballo. Sábese que nos próximos días vaise coñecer cal é a posición do Comité de Dereitos Sociais e a patronal debe ser consciente de que, ou entra a negociar, ou o Goberno ten a obriga de legislar.

Neste 1º de Maio tamén demandamos poñer fin á lacra insupportable da sinistralidade laboral, hai que acometer canto antes unha nova lei e articular un Plan de Choque, demanda que imos levar a este 28 de abril. Denunciou que no 2024 a sinistralidade laboral mortal incrementouse en Galicia nun 14,3% e xa van nove falecidos nos dous primeiros meses de 2025, tres máis que hai un ano. No 2024 rexistráronse en Galicia 30.423 accidentes, con 64 persoas falecidas, fronte ás 56 que se rexistraron no 2023.

Tamén necesitan reforzarse as políticas activas de emprego, orientándoas de maneira personalizada para mellorar a empregabilidade das persoas en desemprego, combatendo especialmente o paro de longa duración que en Galicia afecta a 38.800 persoas, converténdose xa nun problema estrutural, e facilitando a inserción dos colectivos máis vulnerables.

Os indicadores son bos pero aínda hai eivas que corrixir e, neste Primeiro de Maio teremos que seguir denunciando que as mulleres aínda representan o 58% do desemprego en Galicia; que a taxa de parcialidade segue a manterse elevada, do 14,3%, o 40% de carácter involuntario. E é que a parcialidade ten rostro de muller, o 74,6% dos contratos a tempo parcial corresponden a mulleres; do total das mulleres ocupadas, o 20,8% teñen contrato parcial, fronte ao 6,6% de homes. Outra das grandes eivas segue a ser a brecha salarial que persiste aínda que, grazas a medidas como a mellora do SMI, vaise limando, aínda está en Galicia no 17,7%.

A vivenda tamén preocupa e moito, converteuse nun dos grandes problemas sociais do país, polo que urxe que as administracións interveñan. Se ven é certo que se están a anunciar medidas, estas son insuficientes e poden chegar tarde. España é un dos países da UE con menos vivenda social, incumprindo en todo momento o artigo 31 da Carta Social Europea Revisada. Concretamente, en Galicia nos últimos dez anos, dende 2014 ata 2023, só se construíron 1.139 vivendas de carácter protexido, o que supón

tan só o 4% do total. A vivenda ten que deixar de ser unha cuestión política e debe converterse nun verdadeiro dereito, recoñecido tanto na Constitución como na Declaración Universal de Dereitos Humanos. Este mercado tensionado provoca que tan só o 17% dos mozos e mozas do país se poidan emancipar. E, ademais dos máis mozos, tamén hai que apuntar ás traballadoras que o teñen máis difícil que os homes para acceder a unha vivenda. De feito, se unha muller e un home que traballan destinaran, en solitario, un 30% do seu salario bruto a adquirir unha vivenda, a muller tardaría de media tres anos e nove meses máis que o home. Isto pode subir ata os 9 anos dependendo da profesión.

Resulta evidente que urxen medidas determinantes e eficaces, tanto no curto como no longo prazo, como a necesaria intervención do mercado do alugueiro; a creación dun gran parque de vivenda pública en alugueiro social e a prezos alcanzables con carácter permanente; mobilizar, adquirir e rehabilitar vivenda privada do stock de vivendas baleiras existente nas zonas tensionadas para a súa posta en alugueiro a prezos alcanzables, con garantías xurídicas e de pago aos propietarios desde as administracións; desincentivar fiscalmente o uso da vivenda como negocio; e que o esforzo dos fogares para alugar ou comprar unha vivenda non exceda o 30% dos ingresos.

Nesta data tampouco nos podemos esquecer das persoas migrantes, sobre todo, nun momento no que proliferan os discursos xenófobos contra todos aqueles e aquelas cuxo único delito é abandonar a súa terra na busca dun futuro mellor. Urxe previr e frear o racismo, a escalada de violencia contra as persoas migrantes e a permisividade cara os discursos que fomentan o odio. Discursos que se están a alentar nalgunhas esferas de poder sen ningún pudor, sembrando o medo e a discordia na sociedade.

Este Primeiro de Maio, UGT fai un chamamento á mobilización en defensa dos dereitos sociais e laborais, e en respaldo ao proxecto europeo como pilar de democracia social, convivencia e progreso. Agora máis que nunca, é necesario protexer o conquistado e mobilizarnos para gañar o futuro:

#1 Pola redución de xornada, para gañar tempo de vida

#2 Polos salarios, para gañar estabilidade

#3 Polo feminismo, para gañar igualdade

#4 Pola igualdade, para gañar liberdade

#5 Pola negociación colectiva, para gañar dereitos laborais

#6 Pola saúde laboral, para gañar calidade de vida

#7 Polo sindicalismo, para gañar democracia

#8 Pola democracia, para poder respirar

#9 Polas pensións, os coidados, a educación e a sanidade públicas para gañar benestar

#10 Pola industria e o campo, para gañar economía produtiva
#11 Pola vivenda, para gañar autonomía

#12 Pola cultura, para gañar pensamento crítico

#13 Polos dereitos humanos, para gañar solidariedade

#14 Pola solidariedade, para gañar seguridade

#15 Por unha Europa social contra a barbarie externa e interna

A SINISTRALIDADE LABORAL MORTAL INCREMENTOUSE NO ÚLTIMO ANO NUN 14,3% E XA VAN 9 FALECIDOS NOS DOUS PRIMEIROS MESES DE 2025, TRES MÁIS QUE HAI UN ANO

UGT-Galicia cre que urxe modificar e modernizar a Lei e articular un Plan de Choque contra a sinistralidade laboral

Redacción.- Un ano máis, UGT-Galicia lamenta que o 28 de abril, Día mundial da seguridade e saúde no traballo, teña que celebrarse denunciando a secuela da sinistralidade laboral que continúa presente no mercado laboral galego. E este ano (dous primeiros meses, datos do Ministerio) arrancou, neste senso, con cifras moi negativas, cun incremento da sinistralidade laboral do 2,4% en relación ao mesmo período de 2024. Ademais, no 2024, en relación ao 2023, a sinistralidade mortal aumentou un 14,3% e un 14,4% a grave. E xa van 9 falecidos nos dous primeiros meses de 2025, tres máis que hai un ano. Custa moito dixerir como ano tras ano continúan producíndose accidentes por causas facilmente evitables. De feito, UGT-Galicia vai conmemorar esta data baixo o lema “A prevención salva vidas, esíxela”.

As cifras están aí e demostran que a sinistralidade laboral segue a ser a gran secuela do mercado de traballo. No ano 2024 rexistráronse en Galicia, segundo os datos publicados polo ISSGA, 30.359 accidentes laborais, no ano anterior contabilizáronse 30.423 accidentes, o que supón un lixeiro descenso. Hai que precisar que todas estas cifras inclúen os accidentes “in itinere” e só os accidentes con baixa.

Deste total, 29.826 foron accidentes de carácter leve, 469 graves e 64 mortais.

Por sector de actividade económica (aquí só se detallan os sinistros en xornada, non os in itinere, xa que o ISSGA non facilita esta estatística desglosada), agricultura acumulou no 2024 un total de 1.157 sinistros; pesca, 651; industria, 6.793; construción, 4.267; e servizos, 14.278. Dos mortais, 23 corresponden ao sector servizos, 12 á construción, 9 á industria, 7 á pesca e 7 á agricultura.

Territorialmente, é a provincia da Coruña a que máis accidentes rexistrou, 13.150 e con 22 mortais. Pontevedra rexistrou 10.780, con 27 mortais; Lugo, 3.161, con 13 falecidos; e Ourense, 3.268, con 2 persoas mortas durante a súa xornada laboral.

Infartos e outras patoloxías non traumáticas son as causas que ocasionan máis accidentes mor-

tais. Urxen medidas que reduzan os riscos psicosociais

Dentro dos accidentes laborais mortais (o ISSGA nas estatísticas non inclúe neste desglose os in itinere), 26 producíronse por infartos e outras patoloxías non traumáticas, o que representa o 45% do total, sendo os máis numerosos, segundo os datos facilitados polo ISSGA. Despois están as mortes producidas por choques ou golpes contra obxectos en movemento, con 11 persoas falecidas, o 19% do total. Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles acumula 7 falecidos e 10 os atrapamentos e amputacións. Dúas mortes producíronse por contacto con corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas, unha por contacto con axente cortante ou punzante e unha por afogamento ou sepultamento.

Neste senso, UGT-Galicia demanda políticas que atendan á redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora, xa que tanto os infartos como os derrames cerebrais son patoloxías asociadas a este tipo de riscos laborais.

En canto ó índice de incidencia, accidentes por cada 100.000 traballadores, en Galicia este foi no 2024 de 2.588,54. Este índice, no caso dos sinistros mortais, situouse no 5,53, 0,69 puntos máis que hai un ano.

Tampouco se poden esquecer os accidentes de traballo nos que non foi necesaria a baixa, un total de 13.104 no 2024.

Galicia rexistra 4.690 sinistros xa nos dous primeiros meses de 2025, un incremento do 2,4% en relación aos dous primeiros



meses do 2024

Nos dous primeiros meses de 2025, segundo os datos do Ministerio, Galicia rexistrou un total de 4.690 sinistros (incluídos os “in itinere”). Destes, 4.605 foron leves; 76 graves; e 9 resultaron mortais.

Por provincias, A Coruña rexistrou 2.095 sinistros; Pontevedra, 1.650; 471 Lugo; e 474 Ourense. A distribución dos mortais, nos dous primeiros meses do ano, foi de 2 na Coruña; 3 en Lugo; e 4 en Pontevedra.

Por todo isto, UGT-Galicia demanda, este 28 de abril, que a seguridade e saúde no traballo sexan un dereito real e efectivo.

Lembrar que a finais dos anos 80 do pasado século os sindicatos estadounidenses elixiron o 28 de abril como xornada en memoria das vítimas de accidentes de traballo ou de enfermidades de orixe laboral. Esta conmemoración estendeuse na seguinte década polo conxunto do movemento sindical internacional e ter-

minou por dar lugar á declaración do Día internacional da Seguridade e a Saúde no Traballo por parte da OIT en 2003.

Este ano, UGT elaborou o manifesto co gallo do 28 de abril baixo o lema “A prevención salva vidas, esíxea”. UGT reafirma o seu compromiso coa defensa da seguridade e saúde das persoas traballadoras, e de contornas seguras e saudables como dereito fundamental. O 28 de abril é unha data de recordo de todas aquelas persoas que perderon a súa saúde ou a súa vida no traballo, pero tamén é unha data de reivindicación e de demanda á sociedade de máis atención ante este problema.

As persoas traballadoras temos dereito a volver a casa sans e salvos despois da xornada laboral. Non estamos a reclamar compromisos inalcanzables, unicamente aplicar o dereito a que se garanta a nosa seguridade e saúde no traballo. Por iso, desde UGT continuamos esixindo que se establezan as medidas necesarias para acabar con esta insoportable sinistralidade laboral de forma eficaz e inmediata, que pasan necesariamente por modificar e modernizar a Lei e pola negociación e articulación dun Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral. Os accidentes de traballo, ademais de supoñer un drama persoal e familiar, demostran que as condicións de traballo son inseguras e inxustas.

Tampouco nos esquecemos das vítimas do amianto que están a sufrir unha situación realmente inxusta xa que, tras máis de dous anos da creación do fondo de compensación para as vítimas deste axente canceríxeno, aínda non se aprobou o regulamento necesario para a súa posta en funcionamento. Desde UGT consideramos intolerable este atraso e instamos ao Goberno a que desbloquee esta situación de maneira inmediata, concedendo unhas indemnizacións adecuadas e exentas de tributación do IRPF como xa se fai con outros colectivos.

A realidade está marcada por un desenvolvemento económico e produtivo en plena transformación, que supón cambios moi rápidos non só no traballo, senón tamén nos riscos asociados ao mesmo. A revolución tecnolóxica, os efectos do cambio climático, o impacto do traballo na saúde mental e a lonxevidade da poboación activa supoñen desafíos importantes para a seguridade e saúde no traballo. É por iso que, desde UGT consideramos urxente a actualización da normativa preventiva e instamos ao Goberno á intensificación das negociacións iniciadas na Mesa de Diálogo Social fai máis dun ano.

Hai que cambiar a organización preventiva na empresa para alcanzar unha

maior integración da prevención dos riscos laborais, avanzar na calidade dos servizos de prevención e mellorar a protección da saúde mental das persoas traballadoras reforzando a prevención dos riscos psicosociais, pero tamén acometer a diversidade xeracional e a perspectiva de xénero na xestión preventiva. Ademais, é necesario mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo nas PEMES a través do reforzo da xestión preventiva, para iso, contar coa participación das persoas traballadoras é esencial para que o centro de traballo non sexa un lugar de risco.

Na modificación da normativa debe facerse explícita a obrigação empresarial de avaliar e adoptar medidas que proteúan a saúde mental das persoas traballadoras, tendo ademais en conta a transformación dixital e o impacto das novas formas de organización do traballo.

Consideramos, ademais, inaprazable a actualización do cadro de enfermidades profesionais para que sexan incluídas, entre outras, as enfermidades mentais vinculadas ao traballo e para dotalo da necesaria perspectiva de xénero.

O desenvolvemento tecnolóxico, coa dixitalización, a robotización ou a utilización da intelixencia artificial, presenta oportunidades desde a óptica da prevención de riscos laborais, pero fundamentalmente expón novos retos que é necesario abordar.

Trataríase de aproveitar a oportunidade da dixitalización para crear lugares de traballo máis seguros, automatizando tarefas perigosas, mitigando o traballo monótono ou utilizar a IA para previr accidentes mediante a análise de datos en tempo real para a detección de fallos en máquinas ou o empeoramento das condicións ambientais, evitando os riscos que poida engadir, e que habitualmente non se teñen en conta.

É especialmente relevante como a dixitalización e a intelixencia artificial no traballo están a incrementar a exposición a riscos psicosociais como consecuencia da intensificación do traballo, a falta de desconexión, a monitorización e vixilancia constante ou a redución da autonomía para realizar pausas ou descansos. O seu impacto na saúde mental das persoas traballadoras é evidente.

Desde UGT vemos necesario que se garanta un punto de encontro entre a innovación no mercado de traballo e a seguridade e saúde das persoas traballadoras. Por iso, deben establecerse marcos regulatorios xustos e éticos que protexan os dereitos da clase traballadora tanto no deseño como na implementación

destas ferramentas e impulsen unha formación de calidade en novas tecnoloxías que permita coñecer os seus riscos asociados e as formas segura de utilización.

Os sindicatos somos cruciais na xestión do cambio que vén da man da dixitalización e a IA. Débense respectar os dereitos sindicais da negociación colectiva e o diálogo social e fortalecer unha democracia no lugar de traballo que impulse cambios tecnolóxicos que benefician a todos e todas. Garantir a participación activa dos sindicatos nesta transformación permitiranos crear un futuro do traballo inclusivo e equitativo.

É urxente recuperar o impulso das políticas públicas en materia de seguridade e saúde no traballo e aumentar os recursos da Inspección de Traballo, do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e de todas as estruturas autonómicas de prevención de riscos laborais, así como a creación de Xulgados especializados na materia.

Por último, queremos seguir manifestando o noso apoio, compromiso e recoñecemento ao labor dos delegados e delegadas de prevención, agradecendo a todos eles a súa dedicación para conseguir que os centros de traballo sexan máis seguros. Do mesmo xeito, facemos un chamamento ás traballadoras e traballadores para que participen nos diferentes actos convocados con motivo da conmemoración do 28 de abril para conseguir visibilizar o drama da sinistralidade laboral, a falta de cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais por parte das empresas e a necesidade de actualizar a normativa para dar resposta aos novos retos do mundo do traballo.

ACTOS CONVOCADOS POR UGT EN GALICIA

A Coruña: ás 13 horas concentración conxunta con CCOO diante da sede da Confederación de Empresarios na Praza Luís Seoane. Ás 9.30 xornada na sede do Sindicato

Ferrol: ás 11.30 na sede de UGT asemblea de delegados e delegadas.

Santiago: concentración fronte á sede de UGT ás 12.00 horas.

Pontevedra, Vilagarcía e Deza: concentracións fronte ás sedes de UGT ás 12.00 horas.

Vigo: concentración conxunta con CCOO ás 12 fronte á sede da Xunta. Ás 10 xornada na sede do Sindicato.

CONTINUÁN CELEBRÁNDOSE OS CONGRESOS DAS UNIÓNS COMARCAIS DE UGT-GALICIA

Ernesto Fontanes, Marisa Rodríguez e X. Ramón Vidal saíron reelixidos como secretarios/as xerais nas comarcas de Vigo, Compostela-Barbanza e Pontevedra-Arousa-Deza

Redacción.- Os procesos congresuais comarcais de UGT-Galicia continúan, debatindo sobre o que se fixo nestes últimos catro anos, sobre as liñas de traballo de cara ao vindeiro período en cada un dos territorios, sobre a situación social, laboral e económica que se está a vivir e elixindo aos seus novos órganos de xestión.

Vigo

Concretamente, o pasado día 10 tivo lugar o Congreso de UGT-Vigo na cidade olívica. Neste, Ernesto Fontanes foi reelixido secretario xeral.

De cara aos vindeiros catro anos na súa tarefa ao fronte da Executiva estará acompañado de Mónica Suárez, como secretaria de Organización; Camino Roqueiro, ao fronte da Secretaría de Política Sindical; José Manuel Rodríguez será o secretario de Administración; a secretaria de Igualdade e Movementsos Sociais será Laura Ameiz; ao fronte de Saúde Laboral e Formación estará Óscar Viñas; e Concepción Martínez ocupará a Secretaría de Comunicación e Xuventude.

Compostela-Barbanza

O día 11 foi a Unión de Compostela-Barbanza a que celebrou o seu Congreso. Neste, Marisa Rodríguez foi reelixida secretaria xeral.

Tamara Juncal pasará a ser a secretaria de Organizacións; Damián Nguema, ocupará a Secretaría de Administración; Belén Regueira será a nova secretaria de Igualdade; e Antonio Llovo o secretario de Dereitos Sociais e Saúde Laboral.

Pontevedra-Arousa-Deza

Xa este martes, o día 22, o Congreso de UGT-Pontevedra-Arousa-Deza reelixiu a X. Ramón Vidal como secretario xeral.

María Pazos será a secretaria de Organización. Ao fronte de Administración estará María Teresa Filgueira. Estrella Fernández será a secretaria de Formación e Óscar J. González o secretario de Acción Sindical. Encarnación Cochón será a secretaria de Atención a Afiliados e Igualdade; Javier Gayoso o secretario de Innovación e Saúde Laboral; e José Vázquez o delegado de UGT en Arousa.



SENTENZA FAVORABLE PARA O TRABALLADOR DUNHA ADXUDICATARIA DUN CONTRATO CO SERGAS

A Xustiza obriga a aplicar o convenio do transporte de mercadorías por estrada de Pontevedra e non o de oficinas e despachos de Madrid, como estaba a facer a empresa

Redacción.- O Sector de Transportes de UGT Vigo representou con éxito a un traballador nun proceso xudicial contra a empresa Consultoría e Xestión Sanitaria, S.L. O Xulgado do Social Nº1 de Vigo ditou a sentenza, condenando á empresa ao pago das diferenzas salariais derivadas da aplicación incorrecta do convenio colectivo.

O traballador, condutor oficial desde decembro de 2021, recibía as súas retribucións conforme ao Convenio de oficinas e despachos de Madrid, en lugar do correspondente ao sector do Transporte de Mercadorías por estrada de Pontevedra. Esta práctica tivo como resultado unha remuneración inferior á estipulada, o que motivou a demanda.

Consultoría e Xestión Sanitaria, S.L., tamén coñecida como COGESA, é unha em-

presa especializada en servizos loxísticos e de xestión para centros sanitarios, incluíndo hospitais e clínicas.

O traballador representado polo Sector do Transporte de UGT Vigo presta servizos loxísticos como condutor desde a base que a empresa ten no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo para os centros de saúde e hospitais públicos de SERGAS, prestando servizos loxísticos para este organismo público dependente da Xunta de Galicia.

Desde UGT insistimos na necesidade de que a Administración autonómica galega debe velar polas condicións laborais das persoas traballadoras de empresas adxudicatarias dos seus servizos e “non podemos consentir que unha empresa se faga cun concurso público á conta de incumplir a nor-

mativa laboral, ou como neste caso, aplicar un convenio que non corresponde á actividade e que supón un aforro de custos salariais importante”. Resulta sorprendente que, nunha comarca como a de Vigo, onde existen numerosas empresas con ampla traxectoria en servizos loxísticos, acabe prestando este servizo unha empresa que aplica un convenio de oficinas e despachos. Debemos preguntarnos se as ofertas económicas de moitas destas licitacións son acordes coa correcta aplicación das condicións laborais que lles corresponden aos seus traballadores.

UGT celebra esta resolución xudicial que reafirma o compromiso do sindicato na defensa dos dereitos laborais e a correcta aplicación dos convenios colectivos no sector do transporte.

A FUNDACIÓN LUÍS TILVE PARTICIPA EN DIVERSOS ACTOS EN CONMEMORACIÓN DA II REPÚBLICA

Redacción.- O pasado xoves 10 de abril a Fundación Luís Tilve deu unha conferencia sobre Pablo Iglesias e as súas viaxes por Galicia, no Museo Manuel Torres de Marín, invitados pola Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica de Marín, dentro dos actos conmemorativos da II República da citada sociedade.

O acto iniciouse coa presentación por parte de Xulio Pardellas, directivo da asociación, que agradeceu a colaboración da Fundación e informou dos trámites que estaba facendo a entidade para devolverlle a Pablo Iglesias a rúa do concello que levaba o seu nome dende que se aprobara en pleno un 16 de maio de 1926, que ía dende o arranque do paseo do Malecón ó dique e que foi eliminada pola Ditadura. A continuación tomou a palabra o director do Arquivo da Fundación, Guillermo Pérez, que deu inicio á conferencia lembrando a figura de Pablo Iglesias, e máis nun ano en que se cumpren os 175 anos do seu nacemento e 100 anos da súa morte. Un galego ilustre, nado no Ferrol, pero que como tantos galegos tivo que emigrar para saír adiante, sendo fundador de UGT e do PSOE, dúas organizacións indefectiblemente unidas á historia

contemporánea de España e que xogaron un papel fundamental na súa modernización e progreso, chegando a converterse no primeiro representante obreiro no Parlamento español e nunha figura recoñecida a nivel internacional, tomando parte nos Congresos da Internacional.

Tras este preámbulo, o historiador e membro do Padroado da Fundación, Emilio Garrido Moreira, deu unha conferencia sobre as viaxes de Pablo Iglesias por Galicia e a súa relación coa terra que o viu nacer. O importante papel que xogaron as súas campañas de propaganda e mítins nas súas visitas, dando lugar á creación de sociedades obreiras adscritas a UGT e de agrupacións socialistas, poñendo o acento nas que fixo a Marín en 1896, 1899 (celebrando o aninovo na localidade) e 1907, na que se impulsaría a creación da Sociedade “El Porvenir de la Mujer”, para a defensa laboral das mulleres



traballadoras das fábricas de conservas.

Esta celebración do aniversario da II República continuaría coa participación de Guillermo Pérez, en representación da Fundación, no foro organizado polas Xuventudes Socialistas en Pontevedra para abordar a Memoria Democrática e os valores republicanos na Galicia de hoxe, que contou tamén coa participación da senadora, Carmela Silva; do secretario xeral provincial do PSdeG-PSOE, David Regades; do secretario xeral das XX.SS., Xurxo Doval; do secretario de Memoria Democrática do PSdeG-PSOE, Iván Puentes; da deputada galega, Paloma Castro; ou da presidenta da Memoria Histórica de Celanova, Celines Feijóo.